



COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS
AGRÍCOLAS

A Coruña – Pontevedra

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C
15003 – A CORUÑA
Telf. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
colegio@coitagalicia.org

Soportais da Ferrería, 4-2ºD
36002 - PONTEVEDRA
Telf. 986 84 61 17
Fax. 986 84 61 17
delegacionpontevedra@coitagalicia.org

www.coitagalicia.org

*memoria
anual*

2008

Asemblea Xeral Ordinaria
Santiago, 29 de xuño de 2009



MEMORIA DE ACTUACIÓNS 2008

1. – PRESENTACIÓN.

A Xunta de Goberno do Colexio atopámonos, novamente, ante a obriga de responder ante a Asemblea Xeral, sobre a utilización dos Orzamentos aprobados, e en que feitos e actuacións se traduciu esa execución orzamentaria, ao longo de 2008.

Esta obriga, imposta polos nosos Estatutos Xerais, constitúe ao mesmo tempo a oportunidade que os estatutos lle brindan á Xunta de Goberno de reflexionar sobre a súa actuación; e a tódolos colexiados e colexiadas sobre a vida e a actividade colexial; e permítenos valorar “a saúde” da organización colexial.

O contido desta Memoria, xunto coa información económica que se atopa no Balance do Colexio, cuxa conta de Perdas e Ganancias tamén foi posta ao dispor de tódolos membros da comunidade colexial, indican que o Colexio desenvolve un volume de actividade razoable en relación ao seu tamaño e aos seus medios humanos e materiais.

A actividade colexial apréciase que segue a incrementarse ano tras ano, na medida na que segue aumentando o número de colexiados e colexiadas. Este incremento, ademais, prodúcese dun xeito máis que satisfactorio posto que a conflictividade interna practicamente é descoñecida; e a externa (denuncias, informes solicitados polos xulgados, tribunais e administracións, etc.) se ben se incrementa de ano en ano, afortunadamente, o fai a un ritmo inferior ao do número de colexiados e colexiadas, e ao da actividade desenvolvida por estes.

Un novo ano rematado, e a estas alturas, e por increíble que poda parecer, aínda quedan asuntos pendentes de remate, como consecuencia da segregación de Ourense. Segue a pende-la resolución xudicial derivada do Recurso Contencioso-Administrativo interposto polo CGCOITAE, contra o Decreto 448/2003, xa que a sentenza do TSXG foi apelada, dado que nesta se inadmitía (despois de case 4 anos) o recurso interposto, por falla de lexitimación do Consejo General, sen entrar no seu fondo. Evidentemente, neste extremo o CGCOITAE non está de acordo.

Por outra banda, no mes de novembro produciuse, en Lugo, unha reunión, por iniciativa do Colexio de Lugo, e coa presenza do Presidente do CGCOITAE, entre a Xunta de Goberno do Colexio de A Coruña e Pontevedra e a, daquela, recentemente



elixida do de Ourense, e a do Colexio anfitrión, coa finalidade de crear un clima que favoreza á liquidación e remate da cuestión económica da segregación.

Esta Memoria de Actuacións de 2008 susténtase nos orzamentos aprobados pola Asemblea Xeral Ordinaria, de 20 de decembro de 2007.

Ao longo de 2008, a Xunta de Goberno desenvolveu a súa actividade dun xeito similar ao de anos anteriores e, unha vez máis, renovou o seu empeño en executa-las accións previstas, mantendo directrices de traballo semellantes. A autocrítica que da nosa actuación podemos facermos é semellante á doutros anos, e entroutras cuestións segue a ser mellorable a coordinación entrámbalasduas sedes, e a colaboración cos colexios de Lugo e Ourense, extremos nos que se está a dar algúns pasos (como a participación en actividades de colexiados dos tres colexios, caso da preparación das oposicións da Xunta); ao mesmo tempo que tentamos mellora-la nosa oferta formativa e de servizos.

En 2008, o noso Colexio, non concorreu a Feira Internacional “Semana Verde” de Galicia, co Colexio de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, como era habitual, pero isto non foi debido se non ao cambio de datas que sufriu o evento, e a que, nas datas nas que se celebrou, o Colexio estaba inmerso en pleno proceso de renovación de cargos de Presidente, e demais membros da Xunta de Goberno. Ese proceso rematou coa celebración das preceptivas eleccións na Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada o 28 de novembro. Outro factor que influíu nesa falla de concurrencia foi o pasamento do seu Decano, con quen nos unía unha cordial relación persoal e institucional.

O sistema de visado dixital, do que fomos pioneiros entre a profesión a nivel estatal, xa está totalmente consolidado, e xa é posible o visado de planos en formatos superiores ao A3, e consonte a iso, de case calquera traballo, sen máis limitación que a que nalgún momento podería haber co ancho de banda da que os usuarios dispoñan para o envío/recepción dos traballos. A finais de ano, remate do terceiro ano de operación do sistema, contabamos con 39 usuarios que fixeron 673 xestións (347 en A Coruña e 326 en Pontevedra). Se ben o número de usuarios non se incrementa moito, si que o está a facer o número de xestións que se fan por este medio.

Cun sistema de visado dixital do que só nos queda a súa evolución e mellora no posible, a finais de 2008 acometímo-la renovación do programa de xestión do Colexio para a súa adaptación ao novo Plan Xeral Contable. Pretendemos que o mesmo programa nos permita a xestión colexial, a económica, e a de outro tipo de servizos e



registros como as quendas de actuación profesional, o rexistro de sociedades profesionais, etc.; todo iso, ademáis, adaptado á LOPD, e demáis normativa.



Eleccións 2008 a Presidente do Colexio e demáis cargos da Xunta de Goberno, 28 de novembro.



2.- ACTIVIDADE COLEXIAL.

2.1.- Asembleas Xerais:

Nº: 2 Ordinarias. Non se celebrou ningunha Asemblea Extraordinaria.

Datas: 27 de xuño e 28 de novembro.

Dentro do seu carácter de ordinaria, a do 28 de novembro, deu cabida ás votacións para a elección de Presidente de Colexio e da Xunta de Goberno, e dos restantes membros da Xunta. No convencemento de que unha Asemblea que ademais incluíra outros puntos, no seu Orden do día (como a aprobación dos orzamentos para 2009, informes ou outros) restaría participación, a Asemblea dedicouse só ao proceso electoral, polo que a Xunta de Goberno, na súa reunión do 13 de outubro acordou prorrogar-las orzamentos ata a celebración da primeira Asemblea ordinaria do 2009.

2.2.- Plenos do CGCOITAE:

Nº: 2 Ordinarios. Non se celebrou ningún Pleno Extraordinario.

Datas: 78º Pleno (Zaragoza), 24 de maio.
79º Pleno (Madrid), 13 de decembro.

Dentro da actividade do CGCOITAE, pero sen acadar-la consideración de reunión do Pleno, celebrouse en Lleida, o 26 de setembro unha reunión de presidentes na que se abordaron temas como a evolución do proceso “de Bolonia”, o presente e futuro dos Colexios Profesionais, as Coordinacións de Seguridade e Saúde nas obras de construción e a Enxeñaría Técnica Agrícola, honorarios profesionais, etc..

2.3.- Xuntas de Goberno:

Nº: 7

Datas: 28 de xaneiro, 10 de marzo, 21 de abril, 19 de maio, 19 de setembro, 13 de outubro, 16 de decembro.

Durante o ano, fora das reunións da Xunta de Goberno, formalmente convocadas, producíronse algunhas outras xuntanzas como a que tódolos anos se celebra para avaliación dos Proxectos Fin de Carreira que se han de premiar nos actos de celebración do San Isidro na EPS de Lugo (28 de maio); ou algunha outra que xurde da coincidencia de membros da Xunta noutros actos e eventos.

Na reunión da Xunta de Goberno do 16 de decembro produciuse a toma de posesión dos novos cargos electos nas eleccións celebradas o 28 de novembro.



Así mesmo, se celebraron 3 reunións da Comisión colaboradora do Delegado de Pontevedra (18 de abril, 30 de xullo e 19 de decembro).

2.4.- Administración: (Datos referidos ás dúas sedes).

- Nº. de rexistros de entrada:	440
- Nº. de rexistros de saída:	280
- Circulares enviadas aos colexiados e colexiadas	15
- Comunicacions individuais a colexiados e colexiadas	99

Ano tras ano seguimos a reduci-lo número de comunicacións xenéricas en papel. Podería semellar unha contradición co incremento sostido na actividade colexial que se ven producindo tódolos anos, pero só se trata dunha racionalización das comunicacións. As grandes comunicacións en papel quedan para aqueles asuntos para os que se fai necesario chegar a toda a masa colexial (Convocatorias de Asemblea, Quendas de actuación Profesional, traslados de información a colexiados suxeitos a colaboracións por parte do Colexio (MUNITEC, ITACA, etc.); o resto das comunicacións xestiónanse ao través da páxina web e dunha lista de avisos, para os beneficiarios de contas gratuítas de correo electrónico corporativo (237).

Esta racionalización responde a unha demanda tanto do noso colectivo como social no senso de tentar reduci-lo inútil consumo excesivo de papel.

2.5.- Altas e Baixas Colexiais:

- Expedientes de ALTAS:	63 (103,28%)
- Expedientes de BAIXAS:	35 (152,17%)
- Colexiados totais:	915 (102,58%) (A Coruña 597 (106,04%) e Pontevedra 318 (96,66%)).
- Colexiados ao corrente de cotas:	888 (103,74%) (A Coruña 575 (107,27%) e Pontevedra 313 (97,81%)).
- Colexiados exentos de cota:	38 (106%)
- Colexiados con redución de cota:	23 (85,19%)
- Colexiados bloqueados:	122 (109,91%) (A Coruña 66 (112,12%) e Pontevedra 45 (106,67%)).

Nestes datos hai varias lecturas salientables, este ano ao contrario que os anteriores se colexiaron máis compañeiros e compañeiras, rompendo a tendencia dos tres anos anteriores; sen embargo, se ben en 2007 se produciron menos baixas que o ano anterior, en 2008 se teñen incrementado de xeito significativo. De calquera xeito, o saldo segue a ser favorable, se ben é previsible que tendan a neutralizarse altas e baixas



e incluso a que estas últimas superen ás primeiras, toda vez que a matrícula de 1º curso na EPS de Lugo cae espectacularmente ao longo dos últimos anos.

En 2008, volveu mellora-la porcentaxe de colexiados e colexiadas ao corrente das súas obrigas, aínda que segue a ser un dato mellorable, evidentemente, é positivo que siga así. Pola contra, tamén se incrementou o número de colexiados bloqueados que manteñen débedas de longo prazo co Colexio, e que sen estaren de baixa, por non o teren solicitado, non teñen ningún dos beneficios que conleva a condición de colexiado.

Por último, en 2008, tamén observamos unha redución significativa no número de compañeiros e compañeiras que gozan do beneficio da redución de cota (por situación de desemprego) tanto por causar baixa na bolsa de traballo (por atopar traballo) como no Colexio, e só dous colexiados máis exentos de cota (xubilados).

2.6.- Asesoría Xurídica:

As actuacións da Asesoría Xurídica do Colexio son semellantes ás de anos anteriores, agás no relativo ás actuacións pola situación da traballadora que o Colexio tiña na extinta Delegación de Ourense, xa que como é sabido a súa situación quedou definitivamente resolta en 2007. Así, a asesoría, seguiu a prestarno-los seus servizos en:

- Actuacións en casos de intrusionís profesionais, mediante o requirimento de informes.
- Reclamacións de honorarios.
- Defensa de actuacións de colexiados e colexiadas.
- Intervencións por denuncias de actuacións profesionais de colexiados e colexiadas.
- Informes en relación coa elaboración dos nosos estatutos particulares.

2.7.- Defensa de atribucións profesionais:

Basicamente trátase das mesmas actuacións que en anos anteriores:

- Xestións ante distintos concellos das dúas provincias, os presuntos intrusos, e os seus Colexios profesionais, etc., derivadas dos informes do punto anterior. Se ben neste punto produciuse unha redución significativa dos casos denunciados polos compañeiros e compañeiras.
- Informes xenéricos e específicos (parcelacións en núcleo rural, “declaracións de obra”, competencia para proxección de muros, etc.) sobre atribucións profesionais dos ETAs. Tanto a petición de colexiados e colexiadas como de organismos públicos, notarías, rexistros da propiedade, etc.. Neste punto produciuse unha novidade non carente de interese como é a de estar a defender, nalgúns



concellos, especialmente na provincia de Pontevedra a competencia dos ETAs para as Coordinacións de Seguridade e Saúde nas obras de construción, ante a ofensiva emprendida polos Arquitectos Técnicos.

- Segue o seu curso a demanda interposta, en 2005, contra un particular por considera-la súa intromisión ilexítima no eido profesional dos ETAs, sen ter acreditada, tras serlle insistentemente requirida, a súa titulación habilitante.
- Remisión de escritos sobre a obrigatoriedade do visado colexial dirixido a diversos organismos e a compañeiros cuxos traballos, non visados, foron postos en coñecemento da Xunta de Goberno.

2.8.- Visado de Traballos (entre paréntese variación respecto 2007):

Número total de visados: **3633 (96,67%)**

- A Coruña: 1866 (112,14%)
- Pontevedra: 1737 (82,95%)

Desagregación:

- Proxectos e anteprojectos: 782 (88,46%)
(AC: 489 (96,07%) / PO: 293 (78,13%))
- Certificacións Fin de Obra: 245 (165,54%)
(AC: 150 (205,48%) / PO: 95 (126,67%))
- Medicións e informes: 1518 (84,01%)
(AC: 705 (120,10%) / PO: 813 (66,64%))
- Valoracións: 201 (55,99%)
(AC: 69 (43,13%) / PO: 132 (66,33%))
- Seguridade e Saúde: 649 (115,89%)
(AC: 453 (135,22%) / PO: 196 (87,11%))
- Varios: 238 (PO)

A categoría Varios inclúe todo o non claramente identificado na desagregación anterior (Estudios de todo tipo, memorias, aproveitamentos de augas, etc.). En 2007, foi todo incluído na categoría Medicións e Informes (por ese motivo, ao seu carón, non ten a súa porcentaxe de variación interanual).

Polo sistema de visado dixital se tramitaron 673 traballos (347+326, incluído traballos, anexos e modificacións) o que supón un 139,92% con relación ao 2007. Estes traballos foron visados por un total de 27 (17 AC+10 PO) colexiados.



2.9.- Formación:

A Xunta de Goberno, como en anos anteriores, e así foi contemplado nos Orzamentos de 2008, decidiu dedicar unha parte do presuposto destinado a formación, á dotación de Bolsas polo 50% do custo da matrícula, en cursos organizados/impartidos co respaldo das Universidades, ou outras entidades de recoñecido prestixio, que ademais da formación teñen o engadido do recoñecemento a efectos curriculares da súa carga lectiva.

Outros Cursos e Xornadas:

- Curso de MDT (24 horas, Centro de Negocios Pontevedra (Pontevedra)). Xuño, 3 Edicións, 44 asistentes.
- Curso de “Sistemas de Generación de Calor con Biomasa” (20 horas, Auditorio Caixanova, Pontevedra). Setembro, 1 Edición, 17 asistentes.
- Tiñamos preparada unha oferta formativa de 6 cursos, a desenvolver en Santiago de Compostela (Valoración Agrarias, Coordinador en Materia de Seguridade e Saúde nas Obras de Construción, Xeotecnia Avanzado, Código Técnico de la Edificación, Estructuras Planas e Espaciais de Formigón e Especialista en GPS Topográfico), que lle foi presentada á Consellaría de Traballo para que nola subvencionara, pero a subvención foi denegada. Esta denegación recaeu nun momento que non nos foi posible retoma-la, en todo ou en parte, por estar implicados na organización e desenvolvemento das charlas para a preparación do caso práctico do proceso selectivo de ETAs da Xunta de Galicia, e despois polo desenvolvemento do proceso electoral a Presidente do Colexio e á Xunta de Goberno.



Desenvolvemento das charlas preparatorias das oposicións de ETAs da Xunta, setembro-novembro 2008.



- Entre setembro e novembro, en sesións de venres tarde e sábado mañá, no Auditorio do Hotel “Los Abetos” (9 sesións) e no Salón Sarria do Hotel “Santiago Apóstol” (1 sesión), en Santiago, se impartiron as charlas preparatorias das oposicións a ETAs da Xunta. O lugar definitivamente foi ese ao non poder dispor da EGAP, que xa estaba concedida, como consecuencia da alta inscrición de colexiados e colexiadas que houbo. A actividade, foise desenvolvendo de xeito flexible, con convocatorias por e-mail, para adaptármolos ao calendario e ao desenvolvemento do proceso selectivo. Ao final celebráronse só 10 das 13 sesións inicialmente previstas, cunha asistencia media de aproximadamente 40 opositores, e un total de inscritos e inscritas de 126 (63 de A Coruña e Pontevedra, 37 de Lugo e 26 de Ourense). Esta actividade tivo carácter gratuíto para os asistentes.

2.10.- Fomento do Emprego:

- Canalización de ofertas de traballo á bolsa de emprego: 38 (algunhas delas eran múltiples, e descoñecemos cantas chegaron a se concretar), o que supuxo un incremento de 14 con relación a 2007.
 - APPLUS (Deptº. Redes), Técnico de tramitacións.
 - XESTIONAMBIENTAL (Obra Pública), Xefe de suministros.
 - PIONEER HI-BRED SPAIN, Técnico/Comercial.
 - COPREDIJE, Vixiante de Obra.
 - CLUSTER MADERA, Contratos prácticas “Programa Especialización”.
 - APPLUS (Deptº. Prevención), Técnico Prevención.
 - FAO, Oficial de Xestión e Tenencia de Terras (El Cairo).
 - DARZAL, CONSULTORÍA Y PREVENCIÓN, Coordinador S.S..
 - PROYESTEGAL, Técnico de Campo e Gabinete.
 - THIRSA, Sdad. Tasación, Tasador de Rústica.
 - SYNGENTA AGRO (Deptº. Técnico), Técnico de Campo.
 - Asoc. Afectados “VAL DO TEA”, Técnico/s medición parcelas.
 - HORSAL, SCG, Técnico en Prácticas.
 - APPLUS (Deptº. Edificación), Inspector Instalacións Climatización.
 - FAO, Oficial de Avaliación (Roma).
 - APPLUS (Deptº. Prevención), Coordinador S.S. (2).
 - VIOSFERA/ENXAGRO, Técnico de Campo (Horto/Xardín).
 - ATISREAL, Tasador de Rústica,
 - BANTEGAL, Técnico.
 - PAVIMENTOS DE MEAÑO, Técnico para O.P..
 - FAO, Oficial Programa Campo (Roma).
 - SEAGA, Xefes/Directores de Obra.
 - INGACAL, Técnicos.
 - ALMACENES ROYAL, Técnico Comercial.



- MULTISERVENS1, Técnico Agrícola Almacén leite.
- IBERJARDÍN, Encargado Xardinería.
- INGAL NOROESTE, Dirección Facultativa de Proxectos.
- METALDEZA, Técnico Comercial Estruturas Metálicas.
- COTIASA, Técnico Agrícola Campo e Gabinete.
- SIGERMAN, Técnico Prevención.
- MONSANTO, Asesor Agronómico de Sementes.
- Grupo SPI, Técnico Prevención.

De xeito menos evidente, ao través de empresas de RR.HH., tamén se recibiron ofertas (7) para: Técnico Comercial (Agroganadero), Técnico Comercial (Agroquímicos), Técnico Asesoría Calidade (Explot. Gandeiras), Responsable Loxística e Almacén Planta Ornamental, Técnico para Obras de Infraestrutura Rural e Técnico en Prevención.

- Traballos realizados a través das Quendas de actuación do Colexio:
 - * Quenda da Consellería de Economía e Facenda: comunicáronsenos 13 (9 AC e 4 PO).
 - * Quendas de actuación para xulgados: aparte da remisión dos listados, para a xestión directa por estes, non temos datos dos nomeamentos realizados polos distintos Xulgados e Tribunais). Foron comunicados só dous nomeamentos, en Pontevedra. Este ano, como en 2007, tampouco nos foi comunicada ningunha renuncia; consonte a iso tampouco nos foi requirida a adopción de medidas.
 - * Quenda de actuación do Colexio: 35 (34 AC e 1 PO). De todos xeitos, ás veces é dificilmente contrastable a súa concreción, xa que normalmente responden, a solicitudes telefónicas, informando do teléfono de dous ou tres colexiados ou colexiadas, inscritos na quenda, de entre os que actúan na zona do traballo.
- Comunicacions diversas en relación coa OPE, para ETAs, da Administración Autonómica de Galicia (Convocatoria Oposicións, Admitidos e Excluídos, Datas de Exames, etc.).
- Comunicacions diversas en relación coa cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Comunicacions diversas en relación coas listas para contratación de persoal laboral temporal en BANTEGAL e INGACAL.
- Comunicación da convocatoria para a cobertura de prazas na empresa pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA).
- Comunicación da convocatoria de Bolsas de Prácticas para titulados en especialidades agrarias.

2.11.- Relación Interna:

- Celebración da Festividade de San Isidro (165 asistentes).



- Entrega de distincións a colexiados por visado de traballos, tanto ao que visou máis traballos como ao que lle reportou ao Colexio os maiores ingresos por este concepto (Diego Troncoso Casal e Francisco Pérez Donsión).
- Entrega de distincións aos colexiados autores dos proxectos máis significativos, por cada provincia (Marcial Gende del Río e Eduardo Moreiras Barreiro).
- Nomeamento como Colexiado de Honra ao compañeiro Francisco Barreiro García e homenaxe póstuma a Guillermo Gil Hernández, colexiado cunha relevante participación no pasado do Colexio.



Entrega ao compañeiro "Paco" Barreiro da distinción como colexiado de honra, 15 de maio.

- Edición de Axendas Colexiais e das Normas de presentación de Traballos profesionais.
- Xestión e control das quendas de actuación profesional, con uns totais de 290 (175 AC e 115 PO) inscritos en algún dos turnos:
 - * 220 inscritos (153 en AC e 67 en PO) nas quendas da Consellería de Economía e Facenda.
 - * 251 inscritos (169 en AC e 82 en PO) nas quendas de actuacións nos xulgados e Tribunais.
 - * 229 Inscritos (158 en AC e 71 en PO) nas quendas de actuación profesional do Colexio.
 - * 140 inscritos na quenda que a Consellería de Innovación e Industria ten na provincia de A Coruña.



- Foron tramitadas contas de correo electrónico corporativas “XXX@coitagalicia.org” (para un total de máis de 238 contas vixentes a finais de ano), e 105 de alta no rexistro da web (varias non aceptadas por non ser colexiados), para un total de 467 usuarios rexistrados (113% respecto a 2007).
- Comunicacions varias entre sedes en materia de persoal e solicitudes de quendas actuación profesional e outras e tramitación de denuncias de colexiados.

2.12.- Relacións con Outras Institucións:

- **Convenios, acordos e colaboracións:**
 - Coa Semana Verde de Galicia para a realización de actividades como a celebración durante os derradeiros anos de diversos Foros de Debate (en 2008, o Colexio non acadúu) e para a participación do Colexio como membro do Comité Asesor da Feira.
 - Coa Universidade de A Coruña, para a celebración de actividades formativas, e a súa dotación en créditos de carga lectiva.
 - Convenio coa EUET Forestais da Universidade de Vigo.
 - Tramitación ordinaria de altas, baixas, incidencias e incidentes e sinistros, para MUNITEC e Colaboraciones MUNITEC.
 - Relacións institucionais e colaboracións con outros Colexios de España (Habilitacións profesionais, informacións visado dixital, etc.), co Consejo General (Informes e consultas xurídicas, e outras, etc.) e coa Fundación IDEA.
 - Colaboración co Colexio de Lugo e a EPS de Lugo, na organización dos Premios Fin de Carreira e entrega de insignias aos recién titulados, no curso 2007/2008, nesta edición correspondéunos a secretaría do Xurado.
 - Colaboración co CGCOITAE e a Fundación IDEA na posta en marcha, e celebración, de diversos cursos.
 - Colaboración co CGCOITAE de cara á mellora e perfeccionamento do novo sistema de cálculo dos dereitos de visado por módulos de traballo realizado.
 - Colaboración, a nivel institucional, nas I Jornadas Técnicas de Prevención de Riesgos Laborais en el sector Agroalimentario, organizadas polo Consejo General e a Fundación IDEA, e celebradas en novembro (13 e 14), en Sta. Cruz de Tenerife.
 - Participación nos Plenos e Asembleas da Unión Profesional de Galicia, en Santiago de Compostela.
 - Colaboración coa Consellería de Economía e Facenda na xestión dos listados da quenda para actuacións profesionais en periciais contradictorias, e asistencia ao sorteo anual.



- Ídem coa Delegación da Consellería de Innovación e Industria en A Coruña.
- Convenio co Banco Santander Central Hispanoamericano, novas condicións das hipotecas para os colexiados.
- Convenio coa Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia para a adquisición, en condicións especiais, da súa Base de Datos de prezos de construción.
- Acordos con SUTOP con ofertas aos colexiados para adquisición de GPS e estación total robótica.

2.13.- Outras Intervencións:

- Intervencións en actuacións concretas de colexiados.
- Informes a petición de colexiados (atribucións, competencias, etc.).
- Informes solicitados por xulgados con relación a actuacións profesionais de colexiados.
- Informes sobre adecuación de honorarios profesionais solicitados por diversos xulgados.
- Certificacións, e informes varios, a petición dos colexiados (fiscais, actuacións profesionais, traballos, habilitacións, etc.).
- Certificacións a colaboradores-docentes en cursos.
- Tramitacións EURING.
- Cobros de honorarios por mediación.
- Tramitación de contas de correo electrónico, gratuítas para colexiados.
- Tramitación de altas no Rexistro para acceso á parte restrinxida a colexiados de “www.coitagalicia.org”.
- Tramitación de altas no sistema de visado dixital, e expedición de certificados dixitais e as súa renovacións.
- Premios San Isidro Fin de Carreira, na EPS, nas especialidades de Mecanización e Construcións Rurais e Industrias Agrarias e Alimentarias.
- Entrega de insignias aos ETAs recién titulados, en colaboración co COITA Lugo e a EPS de Lugo.
- Envío de Saúdas do Nadal a tódalas institucións e organizacións relacionadas coa actividade agraria, e medios de comunicación.
- Remisión aos Xulgados e Tribunais dos listados de colexiados para as súas quendas de actuación profesional.
- Remisión ás Delegacións da Consellería de Economía e Facenda, e á de Innovación e Industria en A Coruña, de listados para a quenda de actuación en Taxacións periciais contradictorias, e intervención en procesos expropiatorios.
- Intervención nas Xornadas de Orientación sobre as titulacións universitarias na Universidade de A Coruña.



- Intervención nas Xornadas que, na EPS, organizadas polo Departamento de Proxectos, se desenvolven para informar aos alumnos e alumnas das súas posibles saídas profesionais.
- Relacións con entidades privadas e particulares, actuacións en casos de intrusións profesional e información a particulares.
- Diversos ofrecementos de colaboración e invitacións ao Conselleiro do Medio Rural, e a altos cargos da devandita Consellería.

2.14.- Medios de comunicación:

- No mes de outubro publicación dunha nota e un anuncio sobre a nosa idoneidade como profesionais da Xardinería e o Paisaxismo, no xornal “*El Ideal Gallego*”.
- No mes de decembro, dentro do Especial do xornal “*El Correo Gallego*” publicouse unha reportaxe sobre a nosa profesión e a nosa organización colexial.

3.- RESUMO DAS ACTIVIDADES.

Creemos que á vista de todo o exposto, máis ou menos pormenorizado, das actuacións e xestións levadas a cabo pola Xunta de Goberno do Colexio, e da actividade profesional desenvolta polos nosos colexiados e colexiadas, ponse de manifesto que o Colexio mantén un nivel de actividade, cando menos, lixeiramente crecente ano tras ano e que a relación dos colexiados e colexiadas co Colexio, tanto na súa participación nas diferentes actividades organizadas, como no visado de traballos, continúa nunha tendencia que se mantén dende hai algúns anos.

Este ano, sen embargo, non se produciu un incremento no número de traballos sometidos ao trámite do visado, cunha lixeira caída con respecto ao 2007. Ante este feito, debemos de seguir incidindo na necesidade de cumprir con esta obriga estatutariamente recoñecida; xa que o cumprimento deste trámite mellora a credibilidade dos traballos ante os diferentes organismos e a sociedade, contribúe á mellora da imaxe pública da profesión e aporta ao Colexio uns medios económicos imprescindibles para o mantemento da actividade e a mellora na prestación de servizos.

O visado dixital, incrementouse algo máis que en anos anteriores. Seguimos a apostar por unha maior utilización deste sistema xa que aporta rapidez, e economía, no trámite do visado, así como mellora a imaxe de modernidade dos traballos e da profesión. Pese ás posibilidades de incremento na utilización podemos estar satisfeitos



do uso que se fai deste sistema, que segue a ser un referente na organización colexial nacional.

Entre os feitos e acontecementos máis relevantes no ámbito profesional, ao longo do pasado ano, se sinalan os seguintes:

- 1- No **DOG** de 14 de xaneiro saíu publicada a convocatoria das probas de acceso á Escala de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Xunta de Galicia.
- 2- No **BOE** de 26 de xaneiro, con entrada en vigor ao día seguinte, publicouse o Real Decreto Lexislativo 1/2008, polo que se aprobaba o texto refundido da Lei de Avaliación Ambiental de proxectos.
- 3- Tamén no **BOE** de 13 de febreiro, con entrada en vigor, o 14 de febreiro, publicábase o Real Decreto 105/2008, que regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.
- 4- Igualmente, no **BOE** de 5 de marzo, con entrada en vigor o 6 de marzo, apareceu publicada unha modificación da Orden ECO/805/2003, sobre normas de valoración de bens inmobles.
- 5- Na **Asemblea Xeral** do 27 de xuño, acordóuse a creación do Rexistro Colexial de Sociedades Profesionais, e se aprobou o seu regulamento, se ben por imperativo legal xa funcionaba dende marzo.
- 6- No **BOE** de 26 de xuño, con vixencia ao día seguinte, aparecía publicado o Real Decreto Lexislativo 2/2008, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo.
- 7- No **DOG** de 1 de xullo, con vixencia dende o 21 de xullo, publicábase o Decreto 133/2008, de avaliación da incidencia ambiental, en Galicia, importante norma porque en determinados aspectos substitúe ao “vello” RAMINP.
- 8- O día 12 de setembro comezou o ciclo de charlas para a preparación das oposicións a ETAs da Xunta.
- 9- No **DOG** de 7 de agosto, e con vixencia dende o 1 de setembro, publicábase a Lei 9/2008 do Imposto de Sucesións e Doazóns.
- 10- No **BOE** de 22 de agosto, con entrada en vigor o mesmo día, apareceu publicado o Real Decreto 1247/2008 polo que se aproba a Instrución de Formigón Estructural EHE/08, que deroga a EHE/98 e a EFHE/02.
- 11- O 15 de setembro, Unión Profesional lanza un comunicado no que se opón a determinados aspectos das actuacións do Goberno para a trasposición á lexislación española da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do



Consejo Europeo, de servizos no mercado interior (**DOCE** 27/12/06), normativa de moita trascendencia tanto para vosoutros e vosoutras como profesionais, como para os Colexios.

- 12- O 17 de outubro se produce o anuncio de vacantes que da lugar ao comezo do proceso para a elección de Presidente e demais membros da Xunta de Goberno que rematou coa Asemblea Xeral de 28 de novembro na que se produciron as votacións, co resultado da renovación da vosa confianza na única candidatura presentada, encabezada por Enrique Salvador, e que supón a reelección en pleno da Xunta de Goberno anterior.
- 13- O 30 de outubro, o INITE (Instituto Nacional das Enxeñerías Técnicas de España), no seu bolitín manifesta que a Enxeñería Técnica Española se posiciona radicalmente en contra das propostas do Ministerio de Ciencia e Innovación para os nosos Títulos de Grao.
- 14- Por último, no **DOG** de 10 de decembro, publicouse a Resolución do 1/12/08, da Dirección Xeral de Tributos, con normas técnicas para as valoracións inmobiliarias.

4.- EPÍLOGO

A presente memoria de actuacións cumpre co mandado estatutario de someter á Asemblea Xeral as actuacións levadas a cabo polo Colexio, e a súa Xunta de Goberno, durante o exercicio 2008, para a súa sanción.

Pensamos que queda de manifesto, o esforzo incondicional que tódolos membros da Xunta de Goberno do Colexio, e da Delegación de Pontevedra, fan para que cada día a atención e o servizo que dende o Colexio se presta aos seus membros sexa o mellor; e para que a representación e defensa da profesión e de tódolos integrantes da organización colexial sexa o máis eficaz posible.

É evidente, como xa se manifestou con anterioridade que todo o anterior é mellorable, e diso somos conscientes todos e todas os que nestes momentos témo-la responsabilidade e o compromiso da dirección e administración do Colexio, pero tamén estamos seguros de que iso está condicionado ao voso apoio e colaboración. Así pois, un ano máis, vola demandamos.

Pensade que calquera proposta, iniciativa ou participación vosa na organización de actividades pode ser proveitosa para vos mesmos e para o resto da comunidade



colexial. Na medida na que iso sexa así o Colexio irá reflectindo a mellora e o progreso da súa organización.

Neste epílogo á Memoria de 2007, facemos votos para mante-lo noso compromiso de esforzo, honestidade e mellora continua das nosas actuacións, e manifestamos o noso agradecemos a tódolos colexiados e colexiadas en xeral e, especialmente, a aqueles que nos teñen amosado a súa confianza co seu voto, apoiando a nosa reelección, así como aos que teñen estado ao noso dispor para colaborar nas actividades colexiáis.



Xunta de Goberno elixida, o 28 de novembro de 2008, con José M^a. Vidal (Delegado do Colexio en Pontevedra) e o colexiado de honra Ramiro Villaverde.

Santiago, 29 de xuño de 2009
A XUNTA DE GOBERNO



ÍNDICE

1. - PRESENTACIÓN.

2.- ACTIVIDADE COLEXIAL.

2.1.- Asembleas Xerais

2.2.- Plenos do CGCOITAE

2.3.- Xuntas de Goberno

2.4.- Administración

2.5.- Altas e Baixas Colexiais

2.6.- Asesoría Xurídica

2.7.- Defensa das atribucións profesionais

2.8.- Visado de Traballos

2.9.- Formación

2.10.- Fomento do Emprego

2.11.- Relación Interna

2.12.- Relacións con Outras Institucións

2.13.- Outras Intervencións

2.14.- Medios de comunicación

3.- RESUMO DAS ACTIVIDADES

4.- EPÍLOGO